



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Estancias Clínicas IV	Código	661G01028	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	12
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos	Ter superadas as Estancias Clínicas I,II,III para poder cursar esta materia.			
Departamento				
Coordinación	García Rodríguez, María Teresa	Correo electrónico	m.t.garcia.rodriguez@udc.es	
Profesorado	García Rodríguez, María Teresa Seijo Bestilleiro, Rocio	Correo electrónico		
Web	campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	Estas estadias clínicas correspóndense a un nivel intermedio da aprendizaxe práctica tutelada do estudante, tendo como finalidade integrar os coñecementos e habilidades adquiridos na materia Enfermaría Comunitaria I e II. Están dirixidas á incorporación dos estudantes no ámbito da atención primaria de saúde, co fin de que aprendan a proporcionar ás persoas e ás familias cuidados integrais e continuos, diagnosticando os problemas de saúde, diseñando os plans de cuidados, desenvolvendoos e avaliandoos, tendo en conta a situación de saúde das persoas, o seu contorno e ciclo vital, co obxectivo de promover, manter ou mellorar a súa saúde. Asi mesmo, considerárase un obxectivo primordial o desenvolvemento de habilidades de comunicación cos usuarios, as familias e o equipo do centro de saúde.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Cooperar có equipo asistencial sanitario e/ou socio-sanitario.	A62	B1 B5 B10 B13 B14 B22	C4 C7
Desenvolver estratexias de comunicación efectiva coas persoas atendidas, as súas familias e grupos.	A62	B7 B10 B14 B15	C1 C12
Aplicar o proceso de atención de enfermaría integrando os coñecementos dos problemas de saúde das persoas nas diferentes etapas do ciclo vital. Executar con habilidade as intervencións de enfermaría garantindo a seguridade.	A62	B1 B3 B8 B9 B11 B12 B19 B20	C3 C10 C11



Actuar segundo os principios éticos e legais que guían á profesión. Cumprir as normas de funcionamento das institucións sanitarias.	A62	B1 B3 B6 B8 B9 B11 B13 B16 B20 B24	C4 C10 C11 C12
----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----	---------------------------------------------------------------	-------------------------

Contidos	
Temas	Subtemas
Prácticas clínicas tuteladas realizadas en centros de atención primaria de saúde.	Permiten ao estudante integrar os coñecementos teóricos e as habilidades adquiridas; así como comprender, diagnosticar os problemas de saúde, deseñar un plan de coidados e desenvolvelo tendo en conta a situación específica de saúde .

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B8 B11	1	0	1
Prácticas clínicas	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	240	12	252
Simulación	B1 B3 B6 B7 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B22 B24 C1 C4 C11	2	10	12
Estudo de casos	B1 B3 B8 B11 B12 B19 C1 C3 C7 C10 C12	2	30	32
Atención personalizada		3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar as prácticas clínicas no contorno da atención primaria de saúde. Realízase unha sesión na aula na que se especificarán tódolos aspectos necesarios para o correcto desenvolvemento da materia, así coma o sistema de avaliación.
Prácticas clínicas	Actividade formativa que conleva un contacto coa realidade profesional ó desenvolverse en centros de atención primaria de saúde e na comunidade, nas que os estudantes observan e participan nas actividades do equipo de saúde, co fin de proporcionarlles as oportunidades que supoñan a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica enfermeira. Cada alumno terá asignado ó inicio do curso un centro de saúde para realizar o rotatorio.



Simulación	Ponse ao estudante ante unha situación habitual da práctica de enfermaría en atención primaria na cal se proba o seu comportamento , os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Baséase, por tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación.
Estudo de casos	Actividade encamiñada a promover a aprendizaxe autónoma do estudante, consistindo na selección dunha situación clínica concreta validada pola profesora responsable da materia, para a súa abordaxe e resolución con metodoloxía enfermeira. Deberá realizarse a presentación oral a outors/as estudantes e ás profesoras.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Simulación Estudo de casos Prácticas clínicas	<p>A atención personalizada relacionada coas Prácticas clínicas ten como finalidade atender as consultas dos estudantes relacionadas co seguimento e avaliación dos coñecementos, actitudes, valores e habilidades que o estudante debe acadar. Farase de forma individualizada, ben de xeito presencial, ou a través do correo electrónico.</p> <p>A atención personalizada relacionada co Estudo de Casos e simulación ten como finalidade orientar ós estudantes na realización e presentación das situacións clínicas. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial, ou a través do correo electrónico.</p>

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Simulación	B1 B3 B6 B7 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B22 B24 C1 C4 C11	<p>Criterios de avaliación:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Asistencia obrigatoria</li> <li>2.Desenvolvemento das habilidades na entrevista centrada na persoa: 5 puntos</li> <li>3. Valoración focalizada y determinación de intervenciones específicas: 5 puntos</li> </ol>	20
Estudo de casos	B1 B3 B8 B11 B12 B19 C1 C3 C7 C10 C12	<p>Criterios de avaliación:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Asistencia obrigatoria.</li> <li>2. Presentación do caso ( síntese do contido e orixinalidade,redación e sintaxis, presentación e bibliografía; puntuación total 2 punto)</li> <li>3. Análise da situación e correcta formulación dos DdE (puntuación total 4 puntos)</li> <li>4. Selección de resultados e intervencións de enfermaría (puntuación total 3 punto)</li> <li>5. Exposición oral (presentación, postura corporal, contido, xestión de tempo, destreza verbal;puntuación total 1 punto?)</li> </ol>	30
Prácticas clínicas	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	A asistencia ás prácticas clínicas será obrigatoria. Realizarase unha avaliación continuada da adquisición das competencias a través dos criterios ou indicadores establecidos.	50

### Observacións avaliación



A superación da materia queda suxeita a que cada unha das metodoloxías sexa superada polo estudante de forma independente, acadando o 50% da nota máxima posible da porcentaxe que lle corresponde.

Dado que a asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria, as ausencias deberán xustificarse de acordo a normativa xeral do Centro relativa ás Estadias Clínicas. Estas serán recuperadas ó remate dos rotatorios establecidos, e dentro do periodo de avaliación. As faltas non xustificadas serán valoradas segundo o especificado na normativa xeral do Centro.

As datas e os horarios nos que cada estudante realizará as prácticas clínicas publicarase na plataforma Moodle antes do inicio das mesmas.

Ao finalizar o periodo de prácticas clínicas os estudantes deberán presentar a a Memoria segundo se especifica no regulamento de Estadias Clínicas.

Avaliación 2ª oportunidade: Dado que a practica clinica e unha actividade presencial, non recuperable, os estudantes so poderán empregar a 2ª oportunidade para recuperar as activiades relativas a estudio de casos e simulación.

Adianto de oportunidade e estudantes con matrícula parcial: Dado que a practica clínica e unha actividade presencial, non recuperable, non e posible establecer unha avaliación diferente para estes casos.

A cualificación de Matrícula de Honra poderá obtela o alumnado que puntúe alomenos un 9, con preferencia para o alumnado que obtivera máis nota. En caso de igualdade de puntuación e habendo máis aspirantes que matrículas, prevalecerá o alumnado que obtivese máis nota na metodoloxía de práctica clínica.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Esta materia ten en conta as recomendacións sobre SOSTIBILIDADE, MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XÉNERO para acadar unha contorna inmediata sustentable, ambiental e social. Por todo isto:

- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de MOODLE, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.
- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.
- Débense ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.
- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia está incorporada a perspectiva de xénero: usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarase a intervención nas distintas actividades da materia de alumnas e alumnos.
- Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.
- Prestarase especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.
- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.



<b>Bibliografía básica</b>	<p>Martínez JR, Del Pino R (2020). Manual práctico de enfermería comunitaria. BARCELONA: EISEVIERAcinas P et al. (2018). Enfermería Familiar y Comunitaria. Formación AlcaláMartin A, Jodar G (2018). Atención Familiar y Salud Comunitaria: Conceptos y Materiales para Docentes y Estudiantes. BARCELONA: ELESEVIERCampo A (2009). Enfermería comunitaria. Madrid: Difusión Avances de enfermeríaFrías A (2000). Salud Pública y educación para la salud. MassonArias JM, Blanco ML, Constenla A (2005). Estandarización de cuidados de enfermería ao paciente inmobilizado no domicilio. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade. SERGASColección de guías prácticas de feridas do Servizo Galego de Saúde. Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade. SERGAS. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria (2017)NANDA International (2021). Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación: 2021-2023. MADRID: ElsevierMoorhead S,Swanson E,Johnson M. (2024). Clasificación de resultados de enfermería (NOC) . BARCELONA: ElsevierWagner CM, Butcher HK, Clarke MF. (2024). Clasificación de Intervenciones de Enfermería (NIC). BARCELONA: ElsevierLunney M (2011). Razonamiento crítico para alcanzar resultados de salud positivos. MADRID: Elsevier Masson</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía/661G01001

Bases para a interpretación do coñecemento científico/661G01008

Enfermería Comunitaria I/661G01014

Enfermería da Saúde Mental/661G01015

Enfermería clínica III/661G01017

Enfermería materno-infantil/661G01018

Enfermería Comunitaria II/661G01019

Enfermería Xerontolóxica/661G01020

Enfermería Clínica I/661G01034

Enfermería Clínica II/661G01035

Fisioloxía/661G01105

Fundamentos de Enfermería/661G01107

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Estancias Clínicas V/661G01029

Estancias Clínicas VI/661G01030

Estancias Clínicas VII/661G01031

### Materias que continúan o temario

Practicum/661G01032

### Observacións

Tendo en conta o especificado

na Memoria do Título, é necesario ter superadas as materias Estadías Clínicas

I, II e III para poder matricularse nesta asignatura.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías